

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

10076 *Real decreto 700/2013, do 20 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 431/2004, do 12 de marzo, polo que se regulan as retribucións previstas na disposición transitoria terceira da Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal.*

O 27 de maio de 2003 publicouse no «Boletín Oficial del Estado» a Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal, que estableceu un sistema en que tales retribucións pasaron a estar integradas, con carácter xeral, por un compoñente fixo e outro variable por obxectivos.

Ademais das retribucións mencionadas e compatibles con estas, o artigo 12 da dita norma regulou unha serie de retribucións especiais polo desempeño de determinadas funcións, entre as cales se inclúen as correspondentes á prestación de servizos extraordinarios sen relevación de funcións e as substitucións que impliquen o desempeño conxunto doutra función. A regulación dos requisitos destas retribucións, a súa devindicación e a súa contía debíase facer, segundo o dito precepto, por vía regulamentaria.

Consecuencia disto é que a normativa correspondente ás retribucións derivadas da actuación accidental ou esporádica en cargo retribuído nas carreiras xudicial e fiscal en concepto de suplencia, as substitucións que impliquen o desempeño conxunto doutra función, a realización de funcións alleas ás propias do posto de traballo ou a participación en programas concretos de actuación se regularon polo disposto no vixente Real decreto 431/2004, do 12 de marzo, polo que se regulan as retribucións previstas na disposición transitoria terceira da Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal, cuxa reforma aborda o presente texto.

A conxuntura económica actual fixo necesaria a adopción de medidas que melloren a eficiencia das administracións públicas, incluída a Administración de xustiza. Por tal motivo, publicouse recentemente a Lei orgánica 8/2012, do 27 de decembro, de medidas de eficiencia orzamentaria na Administración de xustiza, pola que se modificou a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, mediante a que se pretendeu, por un lado, diminuír o gasto público reducindo a xustiza interina a supostos excepcionais en que non se poida garantir doutra maneira a prestación do servizo e, por outro, elevar os niveis de profesionalización na prestación do servizo público da xustiza, posibilitando que a maior parte das substitucións que se produzan no seo da carreira xudicial e fiscal sexan cubertas por xuíces, maxistrados, avogados fiscais e fiscais, todos eles integrantes das respectivas carreiras profesionais, a cambio dunha retribución actualizada.

Agora ben, o citado Real decreto 431/2004, do 12 de marzo, non foi obxecto de revisión nin de actualización nas súas contías desde a data da súa publicación, e foi a propia Lei orgánica 8/2012 a que previu a necesidade de levar a cabo este labor –disposición transitoria terceira– ao establecer que: «En todo caso, a contía da retribución por substitución, nos casos en que regulamentariamente se estableza a súa procedencia, será igual ao 80% do complemento de destino previsto para o desempeño profesional no órgano que se substitúa». De acordo con isto, esta contía inclúe o criterio poboacional e as condicións obxectivas de representación asociadas ao cargo desempeñado, e non se teñen en conta as denominadas circunstancias especiais ao non afectaren estas o «desempeño profesional» dado o carácter de tales circunstancias que, de acordo co establecido na disposición adicional quinta da Lei 15/2003, integraron as contías que en concepto de indemnización por residencia se aboan na Administración xeral do Estado. O contrario suporía, na práctica, unha dobre indemnización por tales circunstancias, de aí a súa exclusión.

A reforma establece un sistema de xestión diferenciado para as carreiras xudicial e fiscal, en atención ás peculiaridades que as substitucións profesionais teñen para os seus respectivos integrantes; así, con respecto ao Ministerio Fiscal, refórzase o principio de autonomía ao recoñecer expresamente competencias organizativas ao fiscal xeral do Estado mediante o ditame das instrucións necesarias para tal efecto, respectando, en todo caso, as dispoñibilidades orzamentarias; non obstante, a contía destas retribucións especiais por substitución non poderá ser superior ao 80% do complemento de destino, determinación definitiva que deberá facerse conforme o volume de traballo que asuma a persoa ou persoas que substitúan, segundo se reparta –neste segundo suposto– a carga de traballo do substituído. Tamén se manteñen e se actualizan as contías pola asunción temporal de determinados cargos que se enumeran.

En definitiva, con esta modificación regulamentaria complétase unha reforma que ten por obxecto que a práctica totalidade das resolucións xudiciais ditadas o sexa «por xuíces e maxistrados profesionais, que forman a carreira xudicial», nos termos que refire o artigo 298.1 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e garántese dese modo que aqueles que impetren tutela xudicial reciban a correspondente resposta daqueles membros da dita carreira, os únicos que terán acreditado a superación dun duro e exixente proceso de selección e os únicos que estarán sometidos a un proceso de formación continua. Non obstante, é razoable que os labores de substitución, de funcións alleas ás propias do posto de traballo ou a participación en programas concretos de actuación sexan retribuídos; para isto buscou o máximo equilibrio posible entre a situación orzamentaria actual e a dignidade da función que se retribúe.

Para tal efecto, mantivéronse excluídas algunhas situacións anteriores –vacacións anuais– e outras novas froito de reformas recentes –artigo 373.8 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial–, pero recoñécese retribución a situacións tradicionalmente excluídas como son as substitucións inferiores a dez días, sempre e cando se leve a cabo un mínimo de actividade xurisdiccional ou se orixinen por ausencia do titular enfermo. En todo caso, prevese unha cláusula de garantía para que, aínda nos casos excluídos, caiba retribución sempre que, por circunstancias excepcionais e logo de informe favorable do Consello Xeral do Poder Xudicial, a substitución implicase unha singular carga de traballo para o substituto.

Asemade, e como non podía ser doutra maneira, a reforma que se leva a termo afecta o réxime retributivo do Ministerio Fiscal, integrado con autonomía funcional no Poder Xudicial. Búscase, por un lado, aplicar os criterios adecuados para lograr a equiparación entre os membros da carreira xudicial e fiscal, por canto o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, aprobado pola Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, consagra o mandato de equiparación en retribucións entre ambos os corpos e, por outro, establecer criterios retributivos adaptados ás especificidades organizativas, funcionais e estruturais propias de cada carreira, motivo polo cal se propón unha regulación en distinto articulado, sometido a parámetros distintos. En todo caso, o Ministerio de Xustiza e a Fiscalía Xeral do Estado subscribirán un protocolo de colaboración que facilite a organización do sistema de substitucións así como o procedemento para o aboamento das retribucións que se recoñezan de conformidade co previsto neste real decreto.

Atendendo ao seu contido, o proxecto foi sometido a informe do fiscal xeral do Estado e do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Xustiza e de Facenda e Administracións Públicas, oído o Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de setembro de 2013,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 431/2004, do 12 de marzo, polo que se regulan as retribucións previstas na disposición transitoria terceira da Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal.*

O Real decreto 431/2004, do 12 de marzo, polo que se regulan as retribucións previstas na disposición transitoria terceira da Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o artigo 2, que pasa a regular o réxime retributivo das substitucións na carreira xudicial e queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 2. *Retribucións especiais por substitucións na carreira xudicial.*

1. Os membros da carreira xudicial terán dereito a unha retribución especial polo desempeño conxunto das súas funcións xurisdicionais coas correspondentes a outro órgano xurisdicional, mediante o sistema de substitución, con ou sen prórroga de xurisdición.

Non devindicarán dereito a retribución as substitucións que teñan a súa orixe nas ausencias autorizadas a que se refire o artigo 373.8 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, nin as derivadas do exercicio polo substituído do dereito a gozar das súas vacacións anuais retribuídas. Tampouco devindicarán tal dereito as substitucións inferiores a dez días, salvo que o substituto deba celebrar sinalamentos, deliberacións, vistas ou calquera dilixencia xudicial que exixa a presenza do xuíz ante as partes, ou cando, con motivo da substitución, deba ditar sentenza ou adoptar en resolución motivada calquera medida cautelara ou urxente. Exceptúanse do anterior aquelas substitucións que teñan a súa orixe en enfermidade xustificada do titular, que se aboarán desde o primeiro día con independencia das actuacións que se celebren ou resolucións que se ditén.

2. A contía das retribucións especiais por substitución será igual ao 80% do complemento de destino previsto para o desempeño profesional no órgano que se substitúa. Para a súa cuantificación teranse en conta o grupo de poboación en que se integra e as condicións obxectivas de representación vinculadas ao cargo que se substitúe, e quedarán fóra do cómputo outras circunstancias especiais asociadas ao destino ás cales fai referencia o artigo 5 da Lei 15/2003, do 26 de maio.

3. O 80% do complemento de destino devindicarase na parte proporcional aos días efectivos de substitución. No caso de substitucións inferiores a dez días en que proceda o dereito a retribución conforme o disposto no punto primeiro, e coa excepción daquelas que teñan a súa orixe en enfermidade xustificada do titular, só se aboarán as correspondentes aos días en que, efectivamente, se celebren as actuacións alí previstas ou en que quedasen os autos para ditar as resolucións tamén aí mencionadas.

4. O aboamento destas retribucións efectuarao o Ministerio de Xustiza logo de certificación ou certificacións da súa realización polo secretario xudicial do respectivo órgano xudicial, dentro das dispoñibilidades orzamentarias anuais.»

Dous. Engádese un artigo 2 bis, que regula o réxime retributivo das substitucións na carreira fiscal e queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 2 bis. *Retribucións especiais por substitucións na carreira fiscal.*

1. Os membros da carreira fiscal terán dereito a unha retribución especial polo desempeño conxunto das funcións que teñen asignadas con todas ou con algunha das correspondentes a outro membro do Ministerio Fiscal do cadro de

persoal da propia fiscalía a que estivesen destinados ou doutra diferente, mediante o sistema de substitución.

2. O Ministerio de Xustiza comunicará ao inicio de cada exercicio orzamentario ao fiscal xeral do Estado a contía máxima global que poderá destinarse ao pagamento destas retribucións.

A contía destas retribucións especiais por substitución, nos casos en que proceda por concorreren os requisitos para a súa devindicación, non poderá ser superior ao 80% do complemento de destino do posto que se substitúa. Para a súa cuantificación teranse en conta o grupo de poboación en que se integra e as condicións obxectivas de representación vinculadas ao cargo substituído, e quedarán fóra do cómputo outras circunstancias especiais asociadas ao destino a que fai referencia o anexo V.3 da Lei 15/2003, do 26 de maio. As ditas retribucións devindicaránse na parte proporcional aos días efectivos de substitución.

O fiscal xeral do Estado ditará as instrucións necesarias para determinar a organización do sistema, comunicando periodicamente ao Ministerio de Xustiza a evolución das substitucións e o gasto efectuado, sen que en ningún caso isto poida producir un incremento na contía referida no parágrafo anterior.

3. O aboamento destas retribucións efectuarao o Ministerio de Xustiza logo da certificación da súa realización polo órgano competente da Fiscalía Xeral do Estado, dentro das dispoñibilidades orzamentarias.

A asunción temporal por parte dos tenentes fiscais dos cargos que se enumeran a continuación dará lugar á percepción das seguintes contías, logo da autorización do Ministerio de Xustiza por proposta do fiscal xeral do Estado, que se devindicará na parte proporcional aos días efectivos de substitución:

a) 350 € mensuais pola substitución que efectúen os tenentes fiscais dos fiscais xefes da fiscalía provincial, así como por aqueles que substitúan os fiscais xefes de área de conformidade co disposto no Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.

b) 450 € mensuais pola substitución que efectúen os tenentes fiscais dos fiscais superiores de comunidade autónoma, fiscais xefes de fiscalías especiais, fiscais xefes da Fiscalía da Audiencia Nacional, Fiscalía ante o Tribunal Constitucional, fiscais xefes da Fiscalía ante o Tribunal de Contas e Inspección Fiscal e fiscal xefe da Secretaría Xeral Técnica da Fiscalía Xeral do Estado.»

Tres. Modifícase artigo 4, que queda redactado como segue:

«Artigo 4. *Programas de actuación por obxectivos e comisións de servizo sen relevación de funcións.*

1. O Ministerio de Xustiza poderá autorizar programas concretos de actuación por obxectivos e comisións de servizo sen relevación de funcións para os membros das carreiras xudicial e fiscal, por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial e do fiscal xeral do Estado, dentro das dispoñibilidades orzamentarias e con suxeición plena ao previsto no número 5 do artigo 216 bis da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo.

2. Os programas de actuación por obxectivos e as comisións de servizo sen relevación de funcións deberán facer referencia aos seguintes aspectos:

a) Ao obxecto, que deberá orientarse a corraxir situacións de sobrecarga de traballo, a reducir o volume de asuntos pendentes e a reforzar órganos xurisdicionais ou fiscalías, ou apoiar os que fosen reforzados.

b) Ao ámbito de aplicación, que permitirá identificar os membros da carreira xudicial e fiscal en activo que poidan acollerse ao réxime retributivo.

c) Á duración, con determinación das datas de inicio e conclusión da súa aplicación.

d) Aos obxectivos establecidos.

- e) Á contía que deben percibir os participantes.
- f) A se a actuación debe comportar unha maior intervención do Ministerio Fiscal, precisando na medida do posible o nivel de incidencia que o programa terá sobre a fiscalía afectada.

3. Os maxistrados, xuíces, fiscais e avogados fiscais que participen nos programas concretos de actuación ou desempeñen comisións de servizo sen relevación de funcións percibirán unha remuneración que fixará o Ministerio de Xustiza, que consistirá nunha porcentaxe de até o 80% do complemento de destino, con exclusión da parte deste que retribúe outras circunstancias especiais recollidas no artigo 5.c) e anexo V.3 da Lei 15/2003, que corresponda á praza servida con ocasión deles, que se devindicará en función do traballo que desempeñen e dos obxectivos cumpridos, se é o caso. A dita remuneración non será fixa na súa contía nin periódica na súa devindicación, nin se consolidará dun exercicio orzamentario a outro.»

Catro. Modifícanse os números 3 e 4 do artigo 5, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 5. *Retribucións de maxistrados suplentes e xuíces substitutos.*

3. Para a efectividade da retribución dos maxistrados suplentes e dos xuíces substitutos, o chamamento deberá ir acompañado de informe favorable sobre suficiencia orzamentaria, que se emitirá mensualmente.

En ningún caso procederá chamamento ningún se non houberse dispoñibilidade orzamentaria á vista das comunicacións que realiza periodicamente o Ministerio de Xustiza, de conformidade co previsto no número dous deste artigo.

4. Os maxistrados suplentes e os xuíces substitutos, cuxo chamamento excepcionalmente fose autorizado nas condicións previstas nos números anteriores, devindicarán as seguintes retribucións correspondentes aos postos de traballo que desempeñen:

- a) As retribucións básicas, incluídas as pagas extraordinarias.
- b) As retribucións complementarias.
- c) As retribucións especiais que, se for o caso, lles correspondan.

As ditas retribucións devindicaranse na parte proporcional ao tempo de substitución ou suplencia.

Tamén terán dereito ás retribucións variables previstas no artigo 9 da Lei 15/2003, do 26 de maio, e normas de desenvolvemento, sempre que realizen substitucións durante todo o semestre inmediatamente anterior.»

Cinco. Modifícase o artigo 6, que queda redactado como segue:

«Artigo 6. *Retribucións dos fiscais substitutos.*

Os fiscais substitutos que excepcionalmente sexan chamados para o exercicio de funcións fiscais de acordo co procedemento regulamentario correspondente percibirán as seguintes retribucións correspondentes aos postos de traballo que desempeñen:

- a) As retribucións básicas, incluídas as pagas extraordinarias.
- b) As retribucións complementarias.
- c) As retribucións especiais que, se for o caso, lles correspondan.

As ditas retribucións devindicaranse na parte proporcional ao tempo de substitución ou suplencia.

Tamén terán dereito ás retribucións variables previstas no artigo 13 da Lei 15/2003, do 26 de maio, e normas de desenvolvemento, sempre que realizen substitucións durante todo o semestre inmediatamente anterior.»

Seis. Modifícase a disposición derradeira primeira «Habilitación», que queda redactada do seguinte modo:

«O ministro de Xustiza, de haber dispoñibilidade orzamentaria que o permita, poderá establecer as circunstancias e condicións que permitan a aplicación do artigo 2 a aquelas substitucións excluídas de retribución en virtude do previsto no segundo parágrafo do número 1 do artigo 2 que, sempre por circunstancias excepcionais e logo do informe favorable do Consello Xeral do Poder Xudicial, implicasen unha singular carga de traballo para o substituto.»

Sete. Modifícase o título da disposición adicional única.

«Disposición adicional primeira. *Actualización das retribucións.*»

Oito. Engádense as seguintes disposicións adicionais segunda, terceira, cuarta e quinta, co seguinte contido:

«Disposición adicional segunda. *Cláusula de limitación orzamentaria.*

Todo chamamento que se faga de xuíz substituto, maxistrado suplente ou fiscal substituto sen dispoñibilidade orzamentaria non poderá producir efectos económicos.

Disposición adicional terceira. *Réxime dos avogados fiscais substitutos.*

O Real decreto 326/2002, do 5 de abril, sobre réxime de nomeamento dos membros substitutos do Ministerio Fiscal, permanecerá en vigor en todo o que non se opoña ao establecido no presente real decreto.

Disposición adicional cuarta. *Prórrogas de xurisdición.*

As retribucións que correspondan pola realización de prórrogas de xurisdición acordadas de conformidade co previsto no artigo 212 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, someteranse ao mesmo réxime retributivo que o previsto nesta norma para as retribucións especiais por substitucións na carreira xudicial.

Disposición adicional quinta. *Duración das substitucións.*

As substitucións non voluntarias non deberán ter unha duración continuada superior aos 10 días, sen prexuízo de que, en todo caso, dean dereito á retribución correspondente de concorreren os presupostos que para isto recolle o artigo 2 deste real decreto.

As substitucións voluntarias retribuídas non poderán ter unha duración, aínda en días alternos, superior aos cento oitenta días ao ano, e non darán dereito a retribución aquelas que superen tal límite.»

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Xustiza para que adopte as medidas que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de setembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN